

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES XERAIS DO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DE LISTAXES DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E A SÚA REGULACIÓN (para a súa aprobación polo Comité Directivo do Consorcio)

O Comité Directivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aprobou, na sesión de 3 de marzo de 2008, as *Bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a contratación de persoal laboral temporal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a súa regulación* (DOG núm. 57, do 25 de marzo de 2008).

Con data de 13 de marzo de 2008, a presidencia do Consorcio ditou a resolución pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo deste consorcio (DOG núm. 59, do 27 de marzo de 2008).

A abeiro da antedita resolución foron elaboradas as listaxes de agarda para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo do Consorcio para aqueles casos nos que a listaxe de agarda do proceso selectivo correspondente se esgotara ou non se tivera convocado proceso selectivo.

Tendo en conta o tempo transcorrido desde a celebración dos referidos procesos selectivos así como da aprobación e publicación das devanditas listaxes, resulta necesaria a elaboración dunhas novas listaxes que permitan garantir a cobertura de postos de traballo do Consorcio dun xeito áxil e eficaz, superando as eivas orixinadas na súa xestión. Co fin de posibilitar a confección destas novas listaxes, debe acometerse a modificación dalgunhas disposicións contidas nas anteditas bases xerais, realizando determinadas adaptacións técnicas que se presentan como imprescindibles para acadar este obxectivo.

En atención ao exposto, propóñense as seguintes modificacións:

a) Proponse a modificación do artigo 1 que quedaría redactado como segue:

Artigo 1. Obxecto

A presente normativa ten por obxecto a regulación dun sistema de selección de persoal para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Para o chamamento das persoas aspirantes seguirase a seguinte orde:

a) Chamarase en primeiro lugar ás persoas que integren a listaxe de agarda que por categoría profesional e ámbito territorial corresponda.

b) Unha vez esgotada a listaxe correspondente ao ámbito territorial que proceda, ou no caso de indispoñibilidade das persoas que a integran, procederase ao chamamento dos aspirantes incluídas na listaxe de agarda correspondente ao ámbito territorial máis próximo ao centro de traballo para o que sexa necesaria a cobertura do posto.

b) Proponse a modificación do **artigo 3** que quedaría redactado como segue:

Artigo 3. Sistema de nomeamentos

A elección do persoal para prestar servizos con carácter temporal no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar será mediante a listaxe de agarda.

Haberá cando menos unha listaxe de agarda por categoría profesional e por cada un dos seguintes ámbitos territoriais: servizos centrais e as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Non obstante, poderá preverse nas correspondentes convocatorias a elaboración de listaxes de ámbito territorial inferior ao provincial.

(Pendente negociar outro ámbito inferior ao provincial, en cuxo caso estaría entre os ámbitos previstos para o persoal da Consellería de Política Social, así como tamén o límite no número de ámbitos aos que poderían inscribirse os/as solicitantes, e de ser o caso, aquelas categorías nas que estaría limitada a posibilidade de inscrición noutras categorías distintas)

c) Proponse a modificación do **artigo 6**, no seu **apartado e)** que quedaría redactado como segue:

Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas, ou non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual así como por trata de seres humanos ao abeiro da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, e de conformidade coas previsións contidas na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

d) Proponse a modificación do **artigo 7** que quedaría redactado como segue:

Artigo 7. Acreditación de méritos avaliáveis

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata o día da publicación da convocatoria, sempre que se acrediten no prazo de presentación das solicitudes.

A acreditación dos méritos alegados requirirá a incorporación de copias simples dos documentos auténticos, sen prexuízo de ser requirida a presentación dos documentos orixinais no momento no que se formalice a vinculación co Consorcio, tras o correspondente chamamento.

e) Proponse realizar a seguinte emenda no **artigo 17**:

Onde día RDL 1/1995, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, debe dicir, "*Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores*".

f) Proponse realizar as seguintes emendas nas previsións contidas no **artigo 19** que a seguir se indican:

- Onde di, *grao de perfeccionamento do idioma galego*, debe dicir, **grao de perfeccionamento do idioma galego ou Celga 4**.

Onde di, *grao de iniciación ao idioma galego*, debe dicir, **grao de iniciación ao idioma galego ou Celga 3**.

- Onde di, *Servizo Galego de Colocación*, debe dicir, **Servizo Público de Emprego de Galicia**.

Onde di, *Inem*, debe dicir, **SEPE** (Servicio Público de Empleo Estatal)

g) Proponse a modificación do **artigo 20** que quedaría redactado como segue:

Artigo 20. Vixencia das listaxes

As listaxes elaboradas conforme as bases recollidas nesta resolución prescribirán aos dous anos da súa elaboración, agás que durante ese tempo o Consorcio convoque algún proceso selectivo que dea lugar á confección dunhas novas listas de oficio. Non obstante, mediante acordo do Comité Directivo do Consorcio, poderá estenderse a súa vixencia por un período superior a dous anos cando concorran circunstancias que xustifiquen esta necesidade.

h) **Entrada en vigor das modificacións propostas:** As modificacións propostas serán de aplicación ás convocatorias que se realicen con posterioridade á data da súa publicación, así como ás listaxes de agarda confeccionadas ao abeiro destas.

Outras consideracións:

Valorar en qué medida resulta mais axeitado manter a redacción dos artigos das bases que xa foran modificados ou ampliados até a actualidade: parágrafo primeiro do artigo 10.1, artigo 15.1, artigo 15.3, así como a previsión de reincorporación ás listaxes de agarda dos aspirantes excluídos por resolución da xerencia do Consorcio, e o artigo 16

- *Respecto do contido do **parágrafo primeiro do artigo 10.1** (modificado por acordo do Comité directivo do Consorcio na xuntanza do 24/07/2014), así como tamén no que atinxe ao **artigo 15.1** (modificado por acordo do Comité directivo do Consorcio na xuntanza do 13/03/2013), e a posibilidade de **reincorporar aos excluídos previa resolución da xerencia** do Consorcio (previsión acordada polo Comité directivo do Consorcio na xuntanza do 13/03/2013), tendo en conta que a súa redacción foi acordada precisamente para tratar de acadar por unha banda, unha maior operatividade no funcionamento das listaxes de agarda, no que atinxe ao criterio a seguir para a cobertura dun posto de traballo cando non se puidera acadar a súa cobertura por terse esgotado a listaxe de agarda correspondente, e por outra banda, coa finalidade de garantir o contido mesmo das listaxes de agarda ante a perda de aspirantes nas listaxes.*

Coa nova apertura das listaxes, non procederían a redacción acordada

- *Respecto da **alínea 3 do artigo 15**, cuxa incorporación foi adoptada por acordo do Comité directivo do Consorcio na xuntanza do 06/03/2015, así como tamén a nova redacción dada ao **artigo 16** (modificado por acordo do Comité directivo do Consorcio na xuntanza do 13/03/2013), poderíase manter a súa redacción facendo unha anotación (redacción segundo o acordo do Comité directivo do Consorcio do ****/**/******).*

***Alínea 3 do artigo 15:** tal e como se fundamentou na parte expositiva da proposta de modificación que no seu día foi presentada ante o Comité directivo, considérase axeitado manter as ambos os dous preceptos, pois, coa finalidade de salvagardar todos os intereses das partes que puideran resultar afectadas, acordouse engadir a alínea 3 no artigo 15 das Bases xerais, de xeito que o/a aspirante que estivese incurso/a nun expediente disciplinario por infracción moi grave, quedará en suspenso nos chamamentos en tanto non se resolvera o expediente en curso, e de ser o caso, unha vez resolto o expediente disciplinario, malia ter superado no seu día o período de proba referido no artigo 17, poder acordar a súa exclusión das listaxes de agarda ás que se atope adscrito/a.*

Esta previsión fíxose necesaria, pois mais aló dos requisitos exixidos aos aspirantes para formar parte das listaxes de agarda, (artigo 6), a normativa reguladora, nada di respecto daqueles aspirantes que, formando parte das listaxes de agarda, e tendo superado o período de proba, posteriormente incorran nun expediente disciplinario por incumprimentos moi graves no desenvolvemento da prestación de servizos.

Artigo 16: *a modificación acordada ten por finalidade establecer unha limitación temporal que non estaba prevista na súa redacción anterior. Coa nova redacción conséguese que aqueles aspirantes que logo de ter rematado o contrato de traballo cunha duración superior aos 12 meses pasarán a ocupar o último lugar na listaxe por un período de 4 meses, volvendo automaticamente ao lugar que ocupaba inicialmente na listaxe correspondente ao rematar o dito período de 4 meses de xeito que, os efectos que conleva a prestación de servizos mais aló dos 12 meses non sexan traducido como una penalización de xeito ilimitado.*